



INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e débeda pública con motivo das liquidacións e contas anuais a 31 de decembro de 2015 e para acompañamento da Conta Xeral de 2015.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOE) e do artigo 16 do Real decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (en adiante REO), emítase o presente informe en relación ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e de débeda pública para o acompañamento da Conta Xeral da Deputación de Lugo e as contas anuais da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (en adiante SUPLUSA), da Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (en adiante Fundación TIC) e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (en adiante Consorcio de bombeiros) do exercicio 2015.

1. ANTECEDENTES.

Con data de 29 de xaneiro de 2016 pola Intervención da Deputación Provincial de Lugo emítase informe coa finalidade de avaliar o cumprimento dos obxectivos que contempla a LOE, a nivel consolidado a 31 de decembro de 2015, aos efectos de subministro de información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. O informe tiña carácter provisional, ao non ter datos definitivos da liquidacións da Deputación e do Consorcio de bombeiros e das contas anuais da Fundación TIC e de SUPLUSA, e concluía que a liquidación a 31 de decembro de 2015, a nivel consolidado, cumpría co obxectivo de estabilidade orzamentaria (ao presentar unha capacidade de financiamento de 10.680.970,85 €) e incumpría a regra de gasto.

O citado informe remitiuse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con data de 29 de xaneiro de 2016.

O 29 de febreiro de 2015 emítase pola Intervención da Deputación Provincial de Lugo informe coa finalidade de avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, a débeda pública e o período medio de pago a 31 de decembro de 2015, o cal, tiña carácter provisional, ao non ter datos definitivos das contas anuais de SUPLUSA e a Fundación TIC. Segundo este informe a liquidación da Deputación Provincial de Lugo a 31 de decembro de 2015, a nivel individual e a nivel consolidado, cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e incumple a regra de gasto, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

No presente informe actualízanse os datos, sendo definitivos os da Deputación de Lugo, os do Consorcio de Bombeiros, os da Fundación TIC e as Contas Anuais de SUPLUSA, sendo aprobadas todas polos seus órganos competentes.

2. ÁMBITO SUBXECTIVO DE APLICACIÓN.

Os entes públicos dependentes da Deputación, a saber, SUPLUSA, a Fundación TIC e o Consorcio de bomberos serán consideradas entidades comprendidas no ámbito do artigo 2.1 da LOE e do 4.1 do REO, ó prestar servizos ou producir bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais.

3. CONSOLIDACIÓN DOS ORZAMENTOS INICIAIS E DEFINITIVOS 2015

3.1.- Créditos iniciais:

No informe de intervención de 17 de novembro de 2014 emitido con motivo da aprobación do orzamento 2015, analízase o obxectivo de estabilidade orzamentaria dos orzamentos de 2015 no que se conclúe que a nivel consolidado, cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria ao presentar unha capacidade de financiamento de 10.101.863,71 €, despois de realizar os axustes oportunos dacordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Entidade	ESTABILIDADE ORZAMENTARIA				
	Ingreso non financeiro ¹	Gasto non financeiro ¹	Axuste SEC		(importes en €)
			Axustes propia Entidade	Axustes por operacións internas	Capac/Nec. Financ. Entidade
DEPUTACION DE LUGO	80.548.555,05	77.040.804,93	2.892.007,31	0,00	6.399.757,43
CONSORCIO BOMBEIROS	5.315.051,60	5.315.051,60	508.109,37	0,00	508.109,37
SUPLUSA	6.369.666,69	3.175.669,78	0,00	0,00	3.193.996,91
FUNDACIÓN TIC	1.608.936,00	1.608.936,00	0,00	0,00	0,00

¹⁾ Si a entidade ten orzamento limitativo corresponderase cos gastos e ingresos non financeiros do orzamento (cao. 1 a 7). Si a entidade ten contabilidade empresarial corresponderá cos gastos e ingresos no financeiros

Capacidade/ Necesidade Financiamento da Corporación Local a nivel consolidado	10.101.863,71
---	---------------

3.2.- Créditos definitivos:

As modificacións de crédito no momento da Liquidación do orzamento presentan as cifras de previsións definitivas de ingresos e gastos seguintes, despois de realizar os axustes oportunos dacordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais efectuados no informe de 17 de novembro de 2014.



ORZAMENTO DEFINITIVO 2015
CONSOLIDADO

		DEPUTACIÓN	SUPLUSA	FUNDACION TIC	CONSORCIO COMBEROS	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL
INGRESOS	CAP. 1	5.238.361,87	0,00	0,00	0,00	0,00	5.238.361,87
	CAP. 2	5.690.789,68	0,00	0,00	0,00	0,00	5.690.789,68
	CAP. 3	6.695.159,00	125.000,00	1.200,00	747.500,00	0,00	7.568.859,00
	CAP. 4	65.704.711,99	3.845.000,00	1.587.736,00	4.147.451,60	-7.503.461,80	67.781.437,79
	CAP. 5	535.000,00	200.000,00	20.000,00	100,00	0,00	755.100,00
	CAP. 6	15.000,00	1.583.000,00	0,00	0,00	0,00	1.598.000,00
	CAP. 7	8.973.562,94	616.666,69	0,00	420.000,00	-210.000,00	9.800.229,63
	CAP. 8	49.268.364,12	0,00	0,00	209.977,35	0,00	49.478.341,47
	CAP. 9	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL		142.120.949,60	6.369.666,69	1.608.936,00	5.525.028,95	-7.713.461,80	147.911.119,44

		DEPUTACIÓN	SUPLUSA	FUNDACION TIC	CONSORCIO BOMBEROS	AXUSTES POR TRANSFER. INTERNAS	TOTAL
GASTOS	CAP. 1	22.712.822,38	1.180.000,00	1.023.542,99	80.451,34	0,00	24.996.816,71
	CAP. 2	17.159.375,12	935.000,00	413.376,64	4.306.390,89	0,00	22.814.142,65
	CAP. 3	204.200,29	224.729,48	2.016,37	100,00	0,00	431.046,14
	CAP. 4	34.492.289,96	0,00	70.000,00	0,00	-7.503.461,80	27.058.828,16
	CAP. 5	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	CAP. 6	29.344.535,10	835.940,30	100.000,00	629.977,34	0,00	30.910.452,74
	CAP. 7	26.256.085,16	0,00	0,00	0,00	-210.000,00	26.046.085,16
	CAP. 8	300.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	300.000,00
	CAP. 9	8.759.634,28	3.193.996,91	0,00	0,00	0,00	11.953.631,19
TOTAL		139.228.942,29	6.369.666,69	1.608.936,00	5.016.919,57	-7.713.461,80	144.511.002,75

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCIERO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	92.852.585,48	6.369.666,69	1.608.936,00	5.315.051,60	-7.713.461,80	98.432.777,97
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	130.169.308,01	3.175.669,78	1.608.936,00	5.016.919,57	-7.713.461,80	132.257.371,56
NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	-37.316.722,53	3.193.996,91	0,00	298.132,03	0,00	-33.824.593,59

Ao comparar as previsións dos créditos definitivos de ingresos e gastos do orzamento consolidado de 2015 e cas mesmas estimacións de porcentaxes de execución que as aplicadas nos créditos iniciais, refléxase un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria de -33.824.593,59 €, e que ten os seguintes orixes:

- A capacidade de financiamento inicial prevista no orzamento aprobado por un importe de 10.101.863,71 €.
- A aplicación do remanente de tesourería do exercicio 2014 (concepto 870 do estado de ingresos) como fonte de financiamento de modificacións de créditos dos capítulos I a VII do estado de gastos durante o exercicio 2015, por un importe total de -46.926.457,30 € (-46.716.479,96 € no caso da Deputación e de -209.977,35 € no caso do Consorcio de bombeiros).
- En consecuencia, pode afirmarse que o incremento no desequilibrio débese á aplicación do remanente de tesourería do exercicio 2014 para financiar gastos por operacións non financeiras (capítulos I a VII). Resulta evidente que o incremento no desequilibrio ou necesidade de financiamento non requiriu no momento de tramitar os expedientes de modificación de créditos de

ningún axuste económico de reequilibrio por estar garantida o seu financiamento con “aforro”, e dicir con superávit acumulado en exercicios anteriores, acreditado a 31 de decembro de 2014 a través da magnitude do remanente de tesourería, e por establecelo así o artigo 21.1 do REO, sendo o criterio do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en respostas a consultas de normativa de orzamentos de EELL, manifestando que as modificacións de crédito deben aprobarse dando cumprimento ás normas orzamentarias contidas no TRLRFL e no RD 500/90, podendo valorarse o cumprimento do obxectivo de estabilidade e de regra de gasto de forma trimestral coincidindo coa obriga de remitir tal información no marco da Orde 2105/2012, de 1 de outubro.

4. AVALIACIÓN ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E DÉBEDA PÚBLICA CON MOTIVO DA LIQUIDACIÓN A NIVEL CONSOLIDADO DO ORZAMENTO 2015

I) ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E REGRA DO GASTO:

Pagos por transferencias da Deputación a favor dos seus entes dependentes como achegas ordinarias a eliminar no cálculo da regra de gasto na Deputación:

• Consorcio de bombeiros (achega ordinaria).....	2.073.725,80
• SUPLUSA (achega ordinaria).....	3.240.000,00
• Fundación TIC (achega ordinaria).....	1.584.736,00
Total.....	6.898.461,80

Gastos dos entes dependentes financiados con fondos finalistas da Deputación a eliminar na regra de gasto dos mesmos:

	Achega Deputación	Gasto recoñecido polo ente
• SUPLUSA (achegas finalista rutas fluviais 2015).....	449.916,64	479.010,00
• SUPLUSA (achegas finalista rutas fluviais 2014).....	37.662,93	0,00
• SUPLUSA (achega finalista Residencias 3ª idade).....	0,00	248.129,06
• SUPLUSA (achega finalista escola piragüismo).....	0,00	55.000,00
• SUPLUSA (achega finalista areas verdes tit. provincial).....	0,00	208.699,24
• SUPLUSA (achega finalista O Incio).....	100.000,00	0,00
Total SUPLUSA.....	587.579,57	990.838,30
• Fundación TIC (achega finalista encomenda INNOVATE) ...	1.420.658,35	1.396.458,48
• Fundación TIC (achega finalista encomenda maiores).....	0,00	139.753,16
Total Fundación TIC.....	1.420.658,35	1.536.211,64



• Consorcio de bombeiros (achega finalista inv. reais).....	134.324,38	99.234,38
Total Consorcio bombeiros.....	134.324,38.....	99.234,38	
Total achegas finalistas.....	2.142.562,30.....	2.626.284,32	

▪ Deputación Provincial de Lugo:

LIQUIDACIÓN 2015

		DEPUTACIÓN (DRN)
INGRESOS	CAP. 1	4.599.719,32
	CAP. 2	4.614.104,53
	CAP. 3	6.426.311,19
	CAP. 4	68.044.008,53
	CAP. 5	311.230,97
	CAP. 6	11.163,97
	CAP. 7	9.724.910,31
	CAP. 8	1.391.059,49
	CAP. 9	0,00
TOTAL		95.122.508,31

		DEPUTACIÓN (ORN)
GASTOS	CAP. 1	21.021.433,40
	CAP. 2	14.595.028,73
	CAP. 3	18.349,86
	CAP. 4	20.645.646,52
	CAP. 6	21.573.899,12
	CAP. 7	15.916.451,79
	CAP. 8	103.000,00
	CAP. 9	8.759.633,28
	TOTAL	

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	93.731.448,82
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	93.770.809,42
NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	-39.360,60

A partir dos criterios contidos no "Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais (1ª edición)" elaborado pola Intervención Xeral de Administración do Estado cómpre a realización dunha serie de axustes nas magnitudes orzamentarias anteriores para adaptar a información contable aos criterios de Contabilidade Nacional contidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. Tivéronse en conta as seguintes consideracións:

1. Rexistro en contabilidade nacional dos impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos: para os ingresos contabilizados nos capítulos I, II e III (agás os impostos cedidos parcialmente) do orzamento de ingresos, utilízase o criterio de caixa de cada exercicio, sexa do exercicio corrente ou de exercicios pechados. De este xeito obtemos os seguintes importes:

	CAP 1	CAP 2	CAP 3
- Dereitos recoñecidos netos	2.137.025,46	0,00	6.426.311,19
- Recad. líquida (ex. corrente e pechados)	2.178.095,18	0,00	6.351.324,25
Axuste (maior déficit en cont. nacional)	0,00	0,00	-74.986,94
Axuste (menor déficit en cont. nacional)	41.069,72	0,00	0,00

2. Tratamento das entregas a conta de impostos cedidos, do fondo complementario de financiamento e do fondo de financiamento de asistencia sanitaria: en contabilidade nacional estes pagos rexístranse no período no que se pagan, e a liquidación definitiva resultante, no momento en que se determina a súa contía e se satisfai. Os dereitos recoñecidos netos destes conceptos correspóndense coas entregas a conta mensuais (xaneiro a decembro de 2015), a liquidación definitiva de 2013 a percibir (261.990,44 €) e as devolucións das liquidacións definitivas da participación das entidades locais en tributos do Estado correspondente aos anos 2008, 2009 e 2013. É preciso a realización de axustes polos importes reintegrados durante 2015 ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondentes ao exercicios 2008 e 2009 polo concepto de Participación en Tributos do Estado, incrementando os dereitos recoñecidos netos. Respecto da liquidación definitiva negativa do exercicio 2013 de 3.584.504,51 € notificada en 2015, non se reintegró na súa totalidade en 2015 (importe reintegrado de 1.560.142,44 €, dos que 1.376.637,37 € son a devolución do mes de decembro compensada en xaneiro de 2016); pola cantidade non reintegrada procederá un axuste en negativo. Concretamente:

- Axuste por dev. en 2015 liq. PTE 08 (menor déficit)218.454,53 €
- Axuste por dev. en 2015 liq. PTE 09 (menor déficit)911.879,23 €
- Axuste por liq. PTE 2013 pendente de reintegrar (maior déficit)-2.024.362,07 €

3. Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea: Nos ingresos obtidos pola corporación como destinataria final dos fondos comunitarios, ao xestionar proxectos cofinanciados pola Unión Europea, o momento do recoñecemento dos fondos en contabilidade nacional é o da remisión pola Corporación da certificación do gasto ás unidades administradoras, é dicir, o importe resultante de aplicar a porcentaxe de financiamento que corresponda co gasto certificado e remitido á unidade administradora. Polos citados importes recoñecéronse os dereitos recoñecidos no orzamento de ingreso polo que o criterio da contabilidade da entidade e os de contabilidade nacional coinciden non sendo necesario a realización de ningún axuste.

4. Tratamento dos xuros en contabilidade nacional: rexe o principio de devengo, de xeito que deberán incorporarse os xuros devengados no exercicio 2015, tanto vencidos como non vencidos. A distribución por exercicios das obrigas recoñecidas por xuros na liquidación de gastos no citado período é a seguinte:

APLICACIÓN	CONTABILIDADE ORZAMENTARIA (CAP. 3)	DEVENGADOS EN 2015	DEVENGADOS EN 2014 E ANT.	CONTABILIDADE NACIONAL	AXUSTE (+ MENOR DÉFICIT / - MAIOR DÉFICIT)
9320.352	8.323,48	2.016,18	6.308,56	2.016,18	6.307,30
9340.352	1.268,89	345,44	923,45	345,44	923,45
0110.310	8.757,49	8.757,49	0,00	8.757,49	0,00
TOTAL	18.349,86	11.119,11	7.232,01	11.119,11	7.230,75



5. Arrendamentos financeiros: Contabilizase orzamentariamente cada ano a amortización no capítulo 6 e o gasto financeiro no capítulo 3. Non existen contratos de arrendamentos financeiro vixentes no exercicio polo que non é preciso a realización de ningún axuste.

6. Aportacións de capital a empresas públicas:

Conforme ao establecido no artigo 32 da LOE o Pleno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 31 de marzo de 2015 aprobou destinar o superávit orzamentario do exercicio 2014 a reducir o endebedamento neto en 14.164.662,94 €. Con data 30 de abril de 2015 por Resolución da Presidencia acordouse transferir a SUPLUSA o importe de 8.963.654,06 € para amortizar anticipadamente e cancelar todas as súas operacións de crédito. Estas achegas, contabilizáronse como transferencias de capital, tanto na Deputación como en SUPLUSA.

En contabilidade nacional, estes fluxos de fondos terán a consideración de operación financeira ou non financeira, segundo o destino que se lle dé aos mesmos. Como SUPLUSA destina eses fondos a amortizar préstamos debe ter a consideración de operacións financeiras, a efectos de contabilidade nacional, dando lugar a un axuste como menor gasto non financeiro, diminuíndo o déficit da corporación:

- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional).....8.963.654,06 €

Esto ocasiona que en SUPLUSA deba realizarse igualmente un axuste para reflexar un menor ingreso non financeiro, aumentando o déficit da entidade:

- Axuste en SUPLUSA (maior déficit en contabilidade nacional).....-8.963.654,06 €

7. Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local:

A conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento" recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos, para os que non se produciu a aplicación ao orzamento. Estaríamos ante obrigas respecto as que, non ditándose o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, derivanse de bens e servizos efectivamente recibidos.

O saldo da conta 413 ao final do exercicio é menor co inicial (unha vez axustado polas facturas anteriores a 1 de xaneiro de 2015 anuladas ou devoltas durante o exercicio 2015 por un importe de 216.046,34 €) nun importe de 887.580,77 €, o que dará lugar a un axuste como menor gasto non financeiro en contabilidade nacional, diminuíndo o déficit da corporación.

- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional)..... 887.580,77 €

8. Outros axustes: non existen investimentos realizados polo sistema de "abono total do prezo" ou realizados por conta da Deputación, nin percepción de dividendos ou participación en beneficios. Tampouco houbo operacións de permuta financeira, nin operacións de execución e reintegro de avais, nin asunción ou cancelación de débedas de empresas públicas provinciais.

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA LIQUIDACION A 31 DE DECEMBRO DE 2015
S/ CONTABILIDADE NACIONAL

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:		DEPUTACIÓN
TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)		93.731.448,82
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)		93.770.809,42
(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO		-39.360,60
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	41.069,72
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	0,00
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	-74.986,94
GR001	(+) Axuste por liquidación PTE - 2008	218.454,53
GR002	(+) Axuste por liquidación PTE - 2009	911.879,23
GR002B	(+/-) Axuste por liquidación PTE de ex. Distintos a 2008 e 2009 (2013)	-2.024.362,07
GR006	Xuros	7.230,75
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00
GR015	(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00
GR009	Invers. realizadas por conta da Corporación	0,00
GR004	Ingresos por alleamentos de accións (privatizacións)	0,00
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00
GR016	Ingresos obtidos do pto. da Union Europea	0,00
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00
GR012	Aportacións de capital	8.963.654,06
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	887.580,77
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00
GR008a	Arrendamento financeiro	0,00
GR008b	Contratos de asociación publico privada (APP's)	0,00
GR010	Inversións realizadas pola corporación local por conta doutra Administración Publica	0,00
GR019	Préstamos	0,00
GR020	Devolucións de ingresos pendentes de aplicar ao orzamento	-1.461.353,96
GR021	Consolidación de transferencias con outras AAPP	0,00
GR099	Outros	0,00
Total de axustes ao orzamento da Entidade		7.469.166,09
(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO AXUSTADO		7.429.805,49



APLICACIÓN DA REGRA DO GASTO NA LIQUIDACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2015
S/ CONTABILIDADE NACIONAL

(importes en €)

Concepto	Liquidación Ejercicio 2014	Liquidación 2015	Observacións
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos (excluídos gts. Financeiros)	68.744.324,07	93.752.459,56	
AXUSTES Cálculo empregos non financeiros según o SEC	1.057.221,62	-9.851.234,83	
(-) Alleamento de terreos e demais inversións reais.	0,00	0,00	
(+/-) Inversións realizadas por conta da Corporación Local	0,00	0,00	
(+/-) Execución de avais.	0,00	0,00	
(+) Aportacións de capital.	0,00	-8.963.654,06	
(+/-) Asunción e cancelación de débedas.	0,00	0,00	
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento.	1.136.766,58	-887.580,77	
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público privadas.	0,00	0,00	
(+/-) Adquisicións con pago aprazado.	0,00	0,00	
(+/-) Arrendamento financeiro.	-79.544,96	0,00	
(+) Préstamos.	0,00	0,00	
(-) Mecanismo extraordinario de pago provedores 2012	0,00	0,00	
(-) Inversións realizadas pola Corporación local por conta doutra Administración Pública	0,00	0,00	
(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00	0,00	
Outros (Especificar)	0,00	0,00	
Empregos non financeiros terminos SEC excepto xuros da débeda	69.801.545,69	83.901.224,73	
(-) Pagos por transf. (e outras op. internas) a outras entidades que integran a Corp. Local	-7.703.240,46	-6.898.461,80	
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP	-4.932.002,12	-10.652.314,72	
Union Europea	-2.789.774,53	-8.886.178,59	
Estado	-155.811,86	-221.201,54	
Comunidade Autónoma	-115.293,12	-249.322,86	
Diputacións	0,00	0,00	
Outras Administracións Públicas	-1.871.122,61	-1.295.611,73	
Total do gasto computable do exercicio	57.166.303,11	66.350.448,21	
(+/-) Incrementos/disminucións de recadacion por cambios normativos		0,00	
(-) Disminución gasto computable por inv. financeiramente sustentables (1)		-2.236.668,80	
Límite da regra de gasto: gasto computable exercicio anterior x tasa de referencia (1,3%)	57.909.465,05		
Diferenza entre o "límite da regra de gasto" e "gasto computable liquidación 2015"	-6.204.314,36		
% de incremento gasto computable 2015 s/ 2014	16,07%		

Descripción inversión financeiramente sustentable	Aplicación	Grupo de programa de gasto	Obrigas recoñecidas netas no exercicio	Observacións
2ª fase de execución do centro de recría na Granxa Provincial "Galoso Castro"	4120.62255	412	746.295,41	
Acondicionamento de edificio para sede do Centro Asociado da UNED	9330.63255	933	536.408,10	
Proxecto modificado del de Carrizal-Moncelos. (P.K. 0,000-4,000)	4531.61955	453	-	
Proxecto modificado nº 1 Marco de alvare- As Rodrigas, PK 0,000-5,800	4530.61955	453	332.069,22	
Terminación enlace LU-P-3003 con LU 640 en PK 55	4530.61955	453	-	
As nogais-Tores-Armesto (O 65/13 POS)	4531.61955	453	301.313,46	
Pobra S. Xiao-Carracedo (O 66/13 POS)	4531.61955	453	25.460,47	
As nogais-Tores-Armesto (O 66/14 POS)	4531.61900	453	114.654,90	
Rioxoán - Pousadoiro (O 67/14 POS)	4531.61900	453	173.145,36	
Obras de conservación ordinaria da Rede Viaria Provincial nas Zonas 1 a 8	4530.619	453	7.321,88	
Total			2.236.668,80	

▪ **Consortio de bombeiros:**

LIQUIDACIÓN 2015

		CONSORCIO (DRN)
INGRESOS	CAP. 1	0,00
	CAP. 2	0,00
	CAP. 3	774.281,89
	CAP. 4	4.147.451,60
	CAP. 5	857,69
	CAP. 6	331.402,86
	CAP. 7	0,00
	CAP. 8	0,00
	CAP. 9	0,00
TOTAL		5.253.994,04

		CONSORCIO (ORN)
GASTOS	CAP. 1	26.675,28
	CAP. 2	4.673.714,94
	CAP. 3	0,00
	CAP. 4	0,00
	CAP. 6	307.287,83
	CAP. 7	0,00
	CAP. 8	0,00
	CAP. 9	0,00
	TOTAL	

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:

TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	5.253.994,04
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS (capítulos 1 a 7)	5.007.678,05
NECESIDADE / CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	246.315,99

Non se considera necesario a realización de axustes para a adaptación dos importes iniciais á contabilidade nacional.



ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA LIQUIDACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2015 S/ CONTABILIDADE NACIONAL

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:

CONSORCIO
BOMBEROS

TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)	5.253.994,04
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)	5.007.678,05
(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	246.315,99

GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	0,00
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	0,00
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	0,00
GR001	(+) Axuste por liquidación PTE - 2008	0,00
GR002	(+) Axuste por liquidación PTE - 2008	0,00
GR002b	(+/-) Axuste por liquidación PTE de exercicios distintos a 2008 e 2009	0,00
GR006	Xuros	0,00
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00
GR015	(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00
GR009	Invers. realizadas por conta da Corp.	0,00
GR004	Ingresos por alleamentos de accións (privatizacións)	0,00
GR003	Dividendos e participación en beneficios	0,00
GR016	Ingresos obtidos do orzamento da Union Europea	0,00
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00
GR012	Aportacións de capital	0,00
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	0,00
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00
GR008a	Arrendamento financeiro	0,00
GR008b	Contratos de asociación publico privada (APP's)	0,00
GR010	Inversións realizadas pola corporación local por conta doutra Administración Publica	0,00
GR019	Préstamos	0,00
GR099	Outros (Transferencias entre AAPP)	0,00
Total de axustes ao orzamento da Entidade		0,00

(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO AXUSTADO	246.315,99
---	------------

APLICACIÓN DA REGRA DO GASTO NA LIQUIDACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2015
S/ CONTABILIDADE NACIONAL

			(importes en €)
Concepto	Liquidación Ejercicio 2014	Liquidación 2015	Observacións
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos (excluídos gts. Financeiros)	4.930.633,51	5.007.678,05	
AXUSTES Cálculo empregos non financeiros según o SEC	-194.362,11	0,00	
(-) Alleamento de terrenos e demais inversións reais.	0,00	0,00	
(+/-) Inversións realizadas por conta da Corporación Local.	0,00	0,00	
(+/-) Execución de avais.	0,00	0,00	
(+) Aportacións de capital.	0,00	0,00	
(+/-) Asunción e cancelación de débedas.	0,00	0,00	
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	-194.362,11	0,00	
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público privadas.	0,00	0,00	
(+/-) Adquisicións con pago aprazado.	0,00	0,00	
(+/-) Arrendamento financeiro.	0,00	0,00	
(+) Préstamos.	0,00	0,00	
(-) Mecanismo extraordinario de pago provedores 2012	0,00	0,00	
(-) Inversións realizadas pola Corporación local por conta doutra Administración Pública	0,00	0,00	
(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00	0,00	
Outros (Especificar)	0,00	0,00	
Empregos non financeiros términos SEC excepto xuros da débeda	4.736.271,40	5.007.678,05	
(-) Pagos por transf. (e outras op. internas) a outras entidades que integran a Corp. Local	0,00	0,00	
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras AAPP	0,00	-307.287,83	
Unión Europea	0,00	0,00	
Estado	0,00	0,00	
Comunidade Autónoma	0,00	-208.053,45	
Deputacións	0,00	-99.234,38	
Outras Administracións Públicas	0,00	0,00	
Total de gasto computable do exercicio	4.736.271,40	4.700.390,22	
(+/-) Incrementos/disminucións de recadación por cambios normativos			0,00
Límite da regra de gasto: gasto computable exercicio anterior x tasa de referencia (1,3%)	4.797.842,93		
Diferenza entre o "límite da regra de gasto" e "gasto computable liquidación 2015"	97.452,71		
% de incremento gasto computable 2015 s/ 2014	-0,76%		



▪ **Fundación TIC:**

CAPACIDADE/NECESIDADE FINANCIACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 20145
NORMAS SEC

CONFORME A

<u>FUNDACIÓN TIC</u>	31/12/2015	Observacións
Ingresos a efectos de Contabilidade Nacional	3.023.423,59	
Importe neto de cifra negocios	4.200,00	
Traballos previsto realizar pola empresa para o seu activo	0,00	
Ingresos accesorios e outros ingresos da xestión corrente	0,00	
Subvencións e transferencias correntes	1.586.421,00	
Ingresos financeiros por xuros	12.144,24	
Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos)	0,00	
Ingresos excepcionais	0,00	
Aportacións patrimoniais	0,00	
Subvencións de capital previsto recibir	1.420.658,35	
Gastos a efectos de Contabilidade Nacional	2.765.303,64	
Aprovisionamentos	20.706,24	
Gastos de persoal	1.010.468,61	
Outros gastos de explotación	1.574.781,54	
Gastos financeiros e asimilados	16,40	
Outros impostos	0,00	
Gastos excepcionais	667,50	
Variacións do Inmov. material e intangible; de inv. inmobiliarias; de existencias	122.450,01	
Variac. existencias de pto. terminados e en curso de fabricación	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	36.213,34	
(+) CAPACIDADE / (-) NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	258.119,95	

APLICACIÓN DA REGRA DO GASTO A 31 DE DECEMBRO DE 2015 S/ CONTABILIDADE NACIONAL

<u>FUNDACIÓN TIC</u>	LIQUIDACIÓN EJERCICIO ANTERIOR (2014)	31/12/2015	Observacións
Aprovisionamentos	14.281,33	20.706,24	
Gastos de persoal	1.000.128,43	1.010.468,61	
Outros gastos de explotación	387.738,21	1.574.781,54	
Imposto de sociedades	0,00	0,00	
Outros impostos	0,00	0,00	
Gastos excepcionais	633,55	667,50	
Variacións do Inmov. material e intangible; de inv. inmobiliarias; de existencias	40.471,25	122.450,01	
Variac. existencias de pto. terminados e en curso de fabricación	0,00	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	0,00	
Inversións efectuadas por conta da Entidade Local	0,00	0,00	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	49.169,98	36.213,34	
Empregos non financeiros términos SEC excepto xuros da débeda	1.492.422,75	2.765.287,24	
(-) Pagos por transferencias a outras entidades que integran a Corporación Local	0,00	0,00	
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP	-191.763,21	-1.536.211,64	
Unión Europea	0,00	0,00	
Estado	-21.267,80	0,00	
Comunidade Autónoma	0,00	0,00	
Deputacións	-170.495,41	-1.536.211,64	
Outras AAPP	0,00	0,00	
Gasto computable do exercicio	1.300.659,54	1.229.075,60	
Límite da regra de gasto: gasto computable exercicio anterior x tasa de referencia (1,3 %)	1.317.568,11		
Diferenza entre o "límite da regra de gasto" e "gasto computable liquidación 2015"	88.492,51		
% de incremento gasto computable 2015 s/ 2014		-5,50%	

▪ **SUPLUSA:**

**CAPACIDADE/NECESIDADE FINANCIACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2015 DA ENTIDADE
CONFORME A NORMAS SEC**

<u>SUPLUSA</u>	PREVISIÓN PECHE EXERCICIO 2015	Observacións
Ingresos a efectos de Contabilidade Nacional	4.249.140,01	
Importe neto de cifra negocios	203.166,45	
Traballos previsto realizar pola empresa para o su activo	0,00	
Ingresos accesorios e outros ingresos da xestión corrente	0,00	
Subvencións e transferencias correntes	3.727.579,57	
Ingresos financeiros por xuros	215.563,67	
Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos)	0,00	
Ingresos excepcionais	2.830,32	
Aportacións patrimoniais	0,00	
Subvencións de capital previsto recibir	100.000,00	
Gastos a efectos de Contabilidade Nacional	5.236.514,89	
Aprovisionamentos	3.027.534,76	
Gastos de persoal	1.086.118,10	
Outros gastos de explotación	655.197,17	
Gastos financeiros e asimilados	32.814,32	
Imposto Sociedades	22.658,87	
Outros impostos	0,00	
Gastos excepcionais	11.996,27	
Variacións do Inmov. material e intanxible; de inv. inmobiliarias; de existencias	400.195,40	
Variac. existencias de pto terminados e en curso de fabricación	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	
Inversiones efectuadas por cuenta de Administraciones y Entidades Públicas	0,00	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	0,00	
(+) CAPACIDADE / (-) NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	-987.374,88	

APLICACIÓN DA REGLA DO GASTO NA PREVISIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2015 S/ CONTABILIDADE NACIONAL

<u>SUPLUSA</u>	LIQUIDACIÓN EXERCICIO ANTERIOR (2014)	PREVISIÓN PECHE FINAL DE EXERCICIO	Observacións
Aprovisionamentos	2.865.518,87	3.027.534,76	
Gastos de persoal	1.147.932,04	1.086.118,10	
Outros gastos de explotación	588.233,22	655.197,17	
Imposto de sociedades	0,00	0,00	
Outros impostos	0,00	22.658,87	
Gastos excepcionais	8.722,97	11.996,27	
Variacións do Inmov. material e intanxible; de inv. inmobiliarias; de existencias	65.891,55	400.195,40	
Variac. existencias de pto terminados e en curso de fabricación	0,00	0,00	
Aplicación de provisións	0,00	0,00	
Inversións efectuadas por conta da Entidade Local	0,00	0,00	
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	0,00	0,00	
Empregos non financeiros términos SEC excepto xuros da débeda	4.676.298,65	5.203.700,57	
(-) Pagos por transferencias a outras entidades que integran a Corporación Local	0,00	0,00	
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP	-803.982,10	-1.486.797,89	
Unión Europea	0,00	0,00	
Estado	0,00	0,00	
Comunidade Autónoma	0,00	0,00	
Deputacións	-492.993,66	-990.838,30	
Outras AAPP	-310.988,44	-495.959,59	
Gasto computable do exercicio	3.872.316,55	3.716.902,68	
Límite da regra de gasto: gasto computable exercicio anterior x tasa de referencia (1,3%)	3.922.656,67		
Diferenza entre o "límite da regra de gasto" e "gasto computable liquidación 2015"	205.753,99		
% de incremento gasto computable 2015 s/ 2014	-4,01%		



O motivo da necesidade de financiamento de SUPLUSA correspóndese coas cantidades pendentes de recoñecer e aboar pola Deputación por un importe de 503.258,73 € e polos Concellos en 495.959,59 €, facendo un total de 999.218,32 €, executados pola sociedade. A inexistencia deste desaxuste entre os gastos (efectivamente realizados) e os ingresos (pendentes de recoñecer) suporía unha capacidade de financiamento en SUPLUSA de 11.843,44 €.

Resumo da análise:

Entidade	Ingreso non financeiro	Gasto non financeiro	Axustes propia Entidade	Axustes por operacións internas	Capac/Nec. Financ. Entidade
DEPUTACION DE LUGO	93.731.448,82	93.770.809,42	7.469.166,09	0,00	7.429.805,49
CONSORCIO BOMBEIROS	5.253.994,04	5.007.678,05	0,00	0,00	246.315,99
FUNDACIÓN TIC	3.023.423,59	2.765.303,64	0,00	0,00	258.119,95
SUPLUSA	4.249.140,01	5.236.514,89	0,00	0,00	-987.374,88

Capacidade/ Necesidade Financiamento da Corporación Local a nivel consolidado	6.946.866,55
--	---------------------

Entidade	Gasto computable Liquidación 2014 (I)	Tasa de referencia (II)	Aum./dism. (art. 12.4) (III)	Gts. Inv. Financ. Sustentables (IV)	Límite da regra do gasto (V)= (II)+(III)	Gasto computable previsión Liq. 2015 (VI)
DEPUTACION DE LUGO	57.166.303,11	57.909.465,05	0,00	2.236.668,80	57.909.465,05	64.113.779,41
CONSORCIO BOMBEIROS	4.736.271,40	4.797.842,93	0,00	0,00	4.797.842,93	4.700.390,22
FUNDACIÓN TIC	1.300.659,54	1.317.568,11	0,00	0,00	1.317.568,11	1.229.075,60
SUPLUSA	3.872.316,55	3.922.656,67	0,00	0,00	3.922.656,67	3.716.902,68
TOTAL DO GASTO COMPUTABLE	67.075.550,60	67.947.532,75	0,00	2.236.668,80	67.947.532,75	73.760.147,91

Diferenza entre o "Límite da regra do gasto" e o "Gasto computable previsión Liquidación 2015" -5.812.615,16
 % incremento gasto computable 2015 s/ 2014 9,97%

En conclusión, a entidade a nivel consolidado cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e incumpre a regra de gasto na liquidación a 31 de decembro de 2015.

En virtude do establecido polo artigo 16.2 do REO, cando o resultado da avaliación sexa de incumprimento, como é o caso, a entidade local debe remitir o informe á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira no prazo de 15 días, contados dende o coñecemento deste informe polo Pleno.

Deberá aprobarse polo Pleno un Plan Económico-Financeiro de reequilibrio que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento da regra de gasto (2016-2017) (art. 21 LOE) co contido e na forma que establecen os artigos 21 e 23 do citado regulamento, así como o artigo 116 bis da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local. . Dito plan obterase como consolidación dos plans individuais das entidades que se inclúen na análise.

Aprobación e publicación (artigo 23.1 e 4 da LOE): O plan económico-financeiro debe ser elevado ao Pleno no prazo máximo dun mes dende que se poña de manifesto o desequilibrio. O Pleno dispón, como máximo, de dous meses dende a presentación do plan para a súa aprobación e a súa posta en marcha non pode exceder de 3 meses dende a constatación do incumprimento.

Responsabilidades pola non presentación do PEF: constitúe infracción moi grave a non presentación ou a falta de posta en marcha no prazo do plan económico-financeiro ou as medidas do mesmo, como recolle o artigo 28, apartados h) e j) da Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información e bo goberno, que deberá sancionarse segundo o previsto no seu artigo 30.

II) DÉBEDA PÚBLICA:

A 31 de decembro de a Deputación de Lugo cumpre cos límites de débeda pública a nivel consolidado, segundo se amosa na seguinte información (segundo a Disposición final 31 da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2013):

- Débeda viva con entidades financeiras a 31-12-2015	0,00 €
- Débeda viva coa Admon. Xeral do Estado a 31-12-2015 (*)	1.021.179,01 €
(*) Non computa como débeda pública nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do estado español.	
-Dereitos recoñecidos netos por op. correntes na liquidación do orzamento de 2015	83.995.374,54 €
-Nivel de endebedamento coa Admon. Xeral do Estado a 31-12-2015 sobre dereitos recoñ. netos por op. correntes na liquid. do orzamento de 2015.....	1,21 %
-Operacións de tesourería	Non existen
-Aforro bruto a 31-12-2015	27.733.265,89 €
-Aforro neto a 31-12-2015	18.955.282,75 €
-Aforro neto deducidas as obrigas financiadas con remanente líquido de tesourería (10.313.931,38 €)	29.269.214,13 €

5. SEGUIMIENTO DO CUMPRIMENTO DO DESTINO DO SUPERÁVIT DA LIQUIDACIÓN DE 2014 NO ANO 2015

O artigo 32 da LOE establece a obrigatoriedade de destinar o superávit da liquidación da Corporación a nivel consolidado, ou o remanente de tesourería para gastos xerais si este fora menor, a reducir o nivel de endebedamento neto, ou alternativamente, aos destinos previstos na Disposición Adicional Sexta da mesma.

O superávit de 2014 foi de 17.411.514,57 €.

O destino dado durante o exercicio 2015 foi:

DESTINO	IMPORTE
a) Aplicar gasto da conta 413	2.882.054,88
b) Gasto en inversións financeiramente sustentables	0,00
- Obrigas recoñecidas	0,00



- Gasto comprometido	0,00
c) Reducir endebedamento neto	14.164.662,94
Total superávit utilizado	17.046.717,82

Unha vez realizadas as operacións necesarias para destinar o superávit de 2014, o nivel de endebedamento nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do estado español é de 0,00 €.

6. CUMPRIMENTO DO DESTINO DO SUPERÁVIT DA LIQUIDACIÓN 2015 NO ANO 2016

Aos efectos establecidos no artigo 32 e a disposición adicional 6ª da LOE, a capacidade de financiamento da Corporación Local a nivel consolidado, ou o remanente de tesourería para gastos xerais si este fora menor, destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto ou ao financiamento de inversións financeiramente sostibles que deberán cumprir os requisitos establecidos na disposición adicional decimosexta do TRLRFL introducida polo Real decreto lei 2/2014, de 21 de febreiro. Actualmente, o nivel de endebedamento, nos termos do Protocolo de Déficit Excesivo do Estado Español, é de 0,00 €, podendo destinar o remanente de tesourería para gastos xerais segundo a normativa do TRLRFL, ou ben a investimentos financeiramente sustentables segundo a Disposición Adicional 6ª da LOE e que non computan, excepcionalmente, na regra do gasto.

7. CONCLUSIÓNS.

Primeira: Emítese o presente informe coa finalidade de avaliar o obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e a débeda pública a 31 de decembro de 2015.

Segunda: A liquidación da Deputación Provincial de Lugo a 31 de decembro de 2015, a nivel individual e a nivel consolidado, cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e incumpre a regra de gasto, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Terceira: Debe aprobarse polo Pleno un Plan Económico-Financeiro de reequilibrio que permita no ano en curso e o seguinte (2016-2017) o cumprimento da regra de gasto.

Lugo, a 10 de maio de 2016.

A interventora,

Rosa Abelleira Fernández

